

Obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Inega e o Concello de Ferrol, en virtude da cal o Inega subvencionará unha actuación tendente a potenciar o uso da bicicleta no concello.

Sinatura: 31-décembro-2008.

Importe: ata un máximo de 140.000 €.

Nº: 18.

Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e os Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, para a realización de accións en materia de certificación enerxética de edificios, no marco do Plan de Acción da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España 2008-2012 (E4) correspondentes ao exercicio 2008.

Obxecto: establecer as bases de colaboración para a realización de actuacións en materia de certificación enerxética de edificios, actuacións que comprenden a realización das seguintes actuacións:

-Cursos de formación de formadores en certificación enerxética de edificios.

-Cursos específicos de formación sobre certificación enerxética de edificios.

Sinatura: 31-décembro-2008.

Importe: 150.000 €.

Nº: 19.

Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Centro Tecnolóxico da Pesca (Cetpec) para potenciar a eficiencia enerxética nos pesqueiros.

Obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Inega e o Cetpec, en virtude da cal o Inega subvencionará actuacións tendentes a incrementar o uso racional da enerxía nos barcos de pesca proporcionándolles aos mariñeiros ferramentas para xestionar a enerxía que empregan no barco de xeito máis eficiente e o Cetpec elaborará e remitirá ao Inega un estudo sobre a mellora da eficiencia enerxética en pesqueiros de altura, litoral e en embarcacións de pesca artesanal.

Sinatura: 31-décembro-2008.

Importe: o orzamento total das actuacións obxecto deste convenio ascende á cantidade de 662.857€ dos cales o Inega achegará 464.000 € (70%) para o seu financiamento.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Resolución do 27 de xaneiro de 2009 pola que se fai pública a concesión de tres bolsas de formación na área da estatística pública no Instituto Galego de Estatística, convocadas por Resolución do 27 de outubro de 2008.

Para dar cumprimento ao establecido na base décima da Resolución do 27 de outubro de 2008 pola que se convocan tres bolsas de formación na área da estatística pública no Instituto Galego de Estatística (DOG nº 214, do 4 de novembro) e de conformidade co artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta dirección

RESOLVE:

Facer pública a concesión de tres bolsas de formación na área da estatística pública no Instituto Galego de Estatística, ás persoas que se relacionan a continuación:

-Beatriz López Calviño, con NIF 47370769-S.

-Noa Veiguela Fernández, con NIF 76580162-Y.

-Ana Touriño Sánchez, con NIF 34632916-D.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar a interposición deste recurso, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009.

Ángel L. Tarrío Tobar

Director do Instituto Galego de Estatística

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 2 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Administración Local, sobre a modificación da forma de provisión dun posto de traballo reservado a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal no Concello de Ourense.

O Concello de Ourense formula solicitude conforme a relación de postos de traballo da corporación, relativa á modificación do sistema de provisión